



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA PARA A ORGANIZACIÓN DO PLAN DE FORMACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA DO ANO 2022 NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXTGENERATIONEU.**

Santiago de Compostela, asinado electronicamente

**REUNIDOS**

Dunha parte **Dna. M<sup>a</sup> Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Emprego e Igualdade**, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro (DOG n<sup>o</sup>181 do 7 de setembro), actuando en nome e representación da Consellería de Emprego e Igualdade, en virtude das facultades que lle confire o artigo 34 da lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa presidencia.

doutra, **Dna. Sonia Rodríguez-Campos González**, directora da Escola Galega de Administración Pública (en adiante EGAP), nomeada polo Decreto 146/2012, do 12 de xullo (DOG n<sup>o</sup> 134 do 13 de xullo), actuando en nome e representación da EGAP, en virtude das facultades que lle confire o artigo 9 da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP;

Teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o seguinte **Convenio de Colaboración**, e

**EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.-** Que a EGAP é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins. A Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.



**SEGUNDO.-** Que a Consellería de Emprego e Igualdade é o órgano da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a que lle corresponde entre outras funcións, propoñer, deseñar e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito laboral e do emprego, que engloba as competencias en materia de políticas activas de emprego, política laboral, relacións laborais e seguridade e saúde laboral, responsabilidade social empresarial, cooperativas e outras entidades de economía social, formación para o emprego e colocación.

Para desenvolver adecuadamente estas funcións é preciso proporcionar a formación adecuada ás persoas que realizan as súas competencias profesionais no ámbito do Sistema Nacional de Emprego, de maneira que poidan ofrecer un servizo de calidade ás persoas e ás empresas, e poder dar así resposta aos desafíos dun mercado laboral tan cambiante como o actual.

**TERCEIRO.-** Que o Consello Europeo aprobou o 21 de xullo de 2020 o instrumento financeiro Next Generation EU, que inclúe como elemento central, un Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR) cuxa finalidade é apoiar o investimento e as reformas nos estados membros para lograr unha recuperación sostible e resiliente, permitindo levar a cabo reformas tanto a nivel nacional como en cogobernanza coas comunidades autónomas con competencias transferidas.

En liña co anterior, mediante Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021 aprobouse o Proxecto de Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para España que foi posteriormente aprobado pola Comisión Europea o 16 de xuño de 2021 e polo Consello da Unión Europea o 13 de xullo de 2021.

**CUARTO.-** Que a política panca VIII do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia trata de deseñar unha nova política dos cuidados e do emprego e, en concreto, dedica o compoñente 23 a un elemento clave como é o funcionamento do mercado de traballo procurando que as políticas públicas de emprego permitan avanzar nun mercado de traballo dinámico, resiliente e inclusivo, dando impulso ás ditas políticas activas de emprego.

Unha das medidas adoptadas para a consecución deste obxectivo foi a aprobación do proxecto "Plan de Formación Permanente para el personal del SNE (2021- 2023)" do que forma parte o Plan de Formación do Servizo Público de Emprego de Galicia para o ano 2022. En concreto este proxecto está incluído na política panca VIII. "Nueva economía de los cuidados y políticas de empleo", Compoñente 23. "Nuevas políticas públicas para un mercado de trabajo dinámico, resiliente e inclusivo", Inversión 5. "Gobernanza e impulso a las políticas de apoyo a la activación para el empleo".



Este Plan anual contribúe ao cumprimento do obxectivo nº 348 incluído na proposta de Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España, do 16 de xuño de 2021, aprobada definitivamente polo Consello da Unión Europea o 13 de xullo de 2021. Ademais, este Plan ten en conta todos os requirimentos establecidos nas Disposicións Operativas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para o citado obxectivo.

**QUINTO.-** Que o Consello de Ministros, na súa reunión do 6 de xullo de 2021, autorizou os criterios de distribución de fondos para o exercicio 2021 dos créditos xestionados polas comunidades autónomas con competencias estatutariamente asumidas no ámbito de políticas activas de emprego para o financiamento de proxectos de investimento no marco, entre outros, do compoñente 23 "Nuevas Políticas Públicas para un mercado de trabajo dinámico, resiliente e inclusivo".

**SEXTO.-** Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo a través deste convenio.

En virtude do exposto e recoñecéndose ambas as dúas partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto articular a colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a EGAP para o desenvolvemento conxunto do Plan de Formación do Servizo Público de Emprego de Galicia para o ano 2022, incluído dentro do ámbito do "Plan de Formación Permanente para el personal del SNE (2021- 2023)".

As actividades formativas incluídas na programación do Plan de Formación do Servizo Público de Emprego de Galicia do ano 2022 son as indicadas no anexo deste convenio e están dirixidas exclusivamente ao persoal das oficinas de emprego, da Dirección Xeral de Formación e Colocación, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, da Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social; así como ao persoal da área de emprego das Xefaturas Territoriais da Consellería





de Emprego e Igualdade.

As accións formativas que se pretenden ofertar aos empregados públicos por medio deste convenio teñen por obxecto mellorar as súas competencias e que poidan prestar un apoio máis eficaz aos solicitantes de emprego.

## SEGUNDA.- Dereitos e Obrigas

A Consellería de Emprego e Igualdade e a EGAP, para a organización e a convocatoria das actividades derivadas deste convenio adquiren o compromiso de colaborar na súa organización e desenvolvemento, de acordo co sinalado na cláusula terceira.

## TERCEIRA.- Actuacións

1ª As actuacións que levará a cabo a Consellería de Emprego e Igualdade son as seguintes:

- a) Determinar o contido das accións formativas e deseñar o seu programa.
- b) Seleccionar ao profesorado entre profesionais expertos na materia.
- c) Financiar as actividades derivadas deste convenio mediante a achega das cantidades sinaladas na cláusula oitava.
- d) Realizar a divulgación das actuacións e facer constar expresamente en toda publicidade ou presentación pública que se realice o logotipo da Xunta de Galicia, e demais logotipos estipulados pola Comunidade Autónoma de Galicia, ou o Estado. Singularmente e atendendo ao seu financiamento, resulta aplicable o artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241 conforme ao cal os perceptores de fondos da Unión farán mención da orixe desta financiación e velarán por darlle visibilidade, incluído, cando proceda, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiación adecuada que indique "financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU", en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.
- e) Realizar todas as actuacións de xustificación do emprego dos fondos cos que se financian as actividades obxecto deste convenio que resulten preceptivas.
- f) Conservar a documentación xustificativa da aplicación dos fondos percibidos durante un período de 3 anos a partir do pago do saldo ou, a falta deste pago, da operación (artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241, que remite ao respecto ao disposto no artigo 132 do Regulamento Financeiro).





g) Garantir o cumprimento do principio de “non causar dano significativo” (principio “do no significant harm – DNSH”) e o relativo á etiquetaxe verde e dixital.

2ª As actuacións que levará a cabo a EGAP son as seguintes:

- a) Nomear ás persoas que se encargarán de titorizar e xestionar o curso, previamente seleccionadas pola Consellería de Emprego e Igualdade.
- b) Convocar as actividades obxecto deste convenio e incluír nas convocatorias que se realicen mención expresa da orixe da financiación dos cursos, de acordo coas indicacións da Consellería de Emprego e Igualdade.
- c) Xestionar o proceso de matrícula no curso das persoas previamente seleccionadas.
- d) Por á disposición a súa plataforma informática para o desenvolvemento dos cursos.
- e) Expedir o certificado de aptitude do alumnado que supere os cursos.
- f) Avaliar as actividades derivadas deste convenio mediante o cuestionario de satisfacción que porá a disposición do alumnado ao remate da acción formativa.
- g) Enviar á Consellería de Emprego e Igualdade toda aquela información que esta lle solicite para a xustificación do emprego dos fondos cos que se financian as actividades obxecto deste convenio.
- h) Realizar as contratacións e pagamentos correspondentes derivados da xestión e impartición da actividade.

#### **CUARTA.- Principio DNSH e Etiquetado verde e dixital**

De acordo co previsto no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, aprobado polo Consello de Ministros o 27 de abril de 2021, pola Comisión Europea o 16 de xuño de 2021, e polo Consello da Unión Europea o 13 de xullo de 2021, e no Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en todas as fases do deseño e execución dos proxectos, a Consellería de Emprego e Igualdade comprométese a garantir o cumprimento do principio de “non causar dano significativo” (principio “do no significant harm – DNSH”) e o relativo á etiquetaxe verde e dixital.

#### **QUINTA.- Medidas antifraude**

Así mesmo, en orde a dar cumprimento á obriga de prevención, detección e persecución da fraude, a corrupción e o conflito de intereses como refire o artigo 6 da Orde HFP/1030/2021 de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, conforme ao previsto no artigo 22 do Regulamento (UE) 241/2021 do Parlamento Euro-





peo e do Consello, do 12 de febreiro do 2021, en relación coa protección dos xuros financeiros da Unión Europea, sublíñase a existencia da canle de denuncias do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA). Este canle de denuncias resulta aplicable a todo proxecto ou operación financiado total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea (<https://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>), como sinala a Comunicación 1/2017, de 6 de abril, do dito Servizo, co obxectivo de que calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, poda poñelos en coñecemento do devandito Servizo.

### **SEXTA.- Prevención da dobre financiación**

As accións reguladas neste convenio son incompatibles coa recepción doutros fondos comunitarios para a execución dos mesmos proxectos, non podéndose incorrer en dobre financiamento.

Conforme ao artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, os proxectos financiados polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia poden recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión sempre que a dita axuda non cubra o mesmo custo que os que xa financie este programa. O beneficiario deberá comunicar á Administración a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade sen incorrer en dobre financiamento sobre o mesmo custo, procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos, nacionais ou internacionais.

### **SÉTIMA.- Establecemento dunha Comisión Mixta de Seguimento**

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por representantes de cada unha das institucións á que corresponderá a concreción, o seguimento, a interpretación e a avaliación das accións derivadas deste convenio.

Nesta comisión actuarán como representantes por parte da Consellería de Emprego e Igualdade, o/a xefe/a do Servizo de Intermediación e o/a xefe/a do Servizo de Orientación Laboral, ou persoas en quen deleguen; e por parte da EGAP, a persoa responsable da secretaría xeral e un xefe ou xefa de servizo da mesma que designe a súa directora, ou persoas en quen deleguen.





A Comisión de Seguimento terá, sen prexuízo do establecido no artigo 49 f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público respecto das funcións do órgano de vixilancia e control, as seguintes funcións:

1. Seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas do convenio.
2. Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

### **OCTAVA.- Orzamento**

Para o desenvolvemento das actuacións previstas no convenio, a colaboración entre as partes organízase do seguinte xeito:

-A sinatura deste convenio non implica, por parte da EGAP, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio corrente.

- A Consellería de Emprego e Igualdade colaborará economicamente coa achega dun importe de 26.748 € (desagregado por acción formativa no anexo) con cargo á partida orzamentaria 11.05.322A.226.06 proxecto 2022 00100 (FORMACIÓN PERMANENTE DO PERSOAL DO SISTEMA NACIONAL DE EMPREGO) do orzamento da Consellería de Emprego e Igualdade para o ano 2022 no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU , que serán transferidos á EGAP coa oportuna modificación orzamentaria.

### **NOVENA.- Inexistencia de relación laboral**

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a EGAP.

### **DECIMA.- Dereitos de uso e propiedade industrial e intelectual**

Os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre as creacións resultado deste convenio son titularidade conxunta da Consellería de Emprego e Igualdade e da EGAP naqueles casos en que así o acorde a Comisión de Seguimento. De non sinalarse nada na dita comisión, entenderase que os ditos dereitos correspóndenlle en exclusiva á EGAP.



Naqueles materiais que sexan de titularidade conxunta, as partes necesitan a autorización expresa da outra para proceder a edición, representación, gravación e reprodución audiovisual, informática, ou por calquera outro medio, formato o soporte, do resultado e dos materiais froito do desenvolvemento do proxecto.

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- Modificación, Denuncia e Resolución do Convenio**

As partes poderán modificar ou resolver este convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar este convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio por unha das partes facultará á outra para resolvelo, cos efectos que legalmente procedan.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- Réxime xurídico e resolución de conflitos**

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Sométese ás demais normas de dereito administrativo que sexan aplicables e, no seu defecto ás normas de dereito privado.

Este convenio está excluído da lexislación en materia de contratos do sector público, sen prexuízo de que sexan aplicables os seus principios para a resolución de posibles dúbidas e lagoas que puideran presentarse, consonte ao establecido no artigo 4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Terase en conta o establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro) e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto), en especial no que se refire a publicidade deste convenio.

O marco normativo básico reitor deste instrumento, especificamente no relativo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, ven representado polas seguintes disposicións:

**Regulamento (UE) 2020/2094**, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da UE para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19



**Regulamento (UE) 2021/241**, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR)

**Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR)** de España (aprobado polo Consello de Ministros o 27 de abril de 2021, pola Comisión Europea o 16 de xuño de 2021, e polo Consello da Unión Europea o 13 de xullo de 2021)

**Real decreto lei 36/2020**, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR

**Lei 9/2021**, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia

**Orde HFP/1030/2021**, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR

**Orde HFP/1031/2021**, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR.

No caso de conflitos estarase ao disposto no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. Sen prexuízo disto, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre o contido e aplicación deste convenio, serán de coñecemento e competencia da Orde xurisdiccional do contencioso- administrativo.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- Consentimento das partes en materia de protección de datos**

As persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen neste e mailo resto de especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, as persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que as súas rúbricas deste convenio consten nas copias que se remitan para a súa publicación no referido portal.





Por outra banda, no marco do desenvolvemento das actividades de formación, divulgación e investigación obxecto do convenio de colaboración, as partes someteranse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

#### DÉCIMO CUARTA.- Vixencia

Este convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura por todas as partes ata o 31 de decembro de 2022.

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as estipulacións, e subscríbese como proba de conformidade.

Pola Escola Galega de  
Administración Pública

Pola Consellería de Emprego e Igualdade,

Sonia Rodríguez-Campos González

Dna. M<sup>a</sup> Jesús Lorenzana Somoza





ANEXO:

**Contido do Plan de formación do Servizo Público de Emprego de Galicia para o ano 2022, incluído dentro do ámbito do "Plan de Formación Permanente para el personal del SNE (2021-2023)"**

Código	Nome da acción formativa	Horas	Edicións	Prazas	custo
CV22002	Atención á cidadanía no Servizo Público de Emprego	30	2	100	3.228 €
CV22003	Avanzado de intermediación laboral	30	1	50	1.470 €
CV22004	Certificados de profesionalidade: que son e para que serven	30	2	100	2.940 €
CV22005	Claves da prospección de emprego	30	2	100	2.940 €
CV22006	Fundamentos da Orientación Laboral Aberta	30	2	100	2.940 €
CV22007	Iniciación á intermediación laboral	30	3	150	4.410 €
CV22008	Inscripción das persoas estranxeiras no servizo público de emprego de Galicia	30	2	100	2.940 €
CV22009	Introdución ás prestacións por desemprego	30	2	100	2.940 €
CV22010	Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica do Servizo Público de Emprego	30	2	100	2.940 €
TOTAL			18	900	<b>26.748 €</b>

